

# BOLETÍN TRIMESTRAL IES CURTIS

## INTERCAMBIO IES DE CURTIS - IISS CARLO ALBERTO DALLA CHIESA, MONTEFIASCONE (VITERBO)



Na terceira semana de outubro, tivo lugar a segunda parte do intercambio co IISS de Montefiascone. O outono amosou a súa primeira faciana despois dun tempo magnífico pero puidemos gozar igualmente da compañía dos nosos amigos italianos. A visita á próspera vila medieval de Noia foi unha ledicia e as súas

laudas faláronnos dun pasado urbano florecente. O Aquarium Finisterrae fíxonos sentir e capturar os nosos fondos mariños. E os mosteiros de Mezonzo e Sobrado recuperaron para as nosas memorias a sabedoría dos nosos antergos coa súa forma de vida vencellada sabiamente á relixiosidade da época.

### O ALUMNADO DE INFORMÁTICA VISITA O SERGAS



O alumnado de informática visitou o 4 de decembro parte do CPD do SERGAS. Primeiramente asistiron a unha charla sobre a infraestruturas informática do servizo galego de sanidade e logo disfrutaron dunha visita ás instalacións, nas que viron, entre outros, os sistemas de backup e as cabinas de disco.


### UN 10% DO ALUMNADO DE SEGUNDO CURSO OPTOU NO 2014 AO PREMIO EXTRAORDINARIO DE BACHARELATO

O IES de Curtis vestiu de longo para despedir unha excelente promoción de bacharelato no curso 2013-2014. Nela, un 10% do alumnado de segundo curso acadou a nota mínima de máis de 9 imprescindible para optar ao Premio Extraordinario de Bacharelato 2014.

Alberto Rivadulla Sánchez, Alba Núñez Aldudo e Nuria Bello Barral, competiron co alumnado mellor

formado de toda Galicia para facerse cun galardón que comporta matrícula de balde no primeiro curso da Universidade e 1.000 euros de premio. Dous quedaron ás portas e Nuria Bello Barral acadouno. Parabéns!

Tamén desta volta a escola pública luciu, unha vez máis, as súas mellores galas, xa que dos 20 premios outorgados en Galicia, correspondéronlle 18.



### CONTIDOS


**PÁXINA 1:** Intercambio IES de Curtis - IISS Montefiascone | O alumnado de informática visita o SERGAS | Premio extraordinario de bacharelato | **PÁXINA 2:** Axenda Escolar | Nicolás Neira representa ao IES de Curtis no Galicia Skills A nosa biblioteca | E ademais... | **PÁXINA 3:** Día da ciencia en galego | Charla sobre cogomelos **PÁXINA 4:** II certame de ensaio do IES de Curtis | Postal de Nadal | Gráfica de resultados académicos | Saúda do director

## NICOLÁS NEIRA REPRESENTA AO IES DE CURTIS NO GALICIA SKILLS



Nicolás Neira Botana, alumno de 2º curso do ciclo de Electromecánica de Vehículos, representou ao IES de Curtis no certame GALICIA SKILLS, no que se premian os mellores traballos desenvolvidos polo alumnado de Formación Profesional. Non acadou ningún dos dous únicos trofeos, pero clasificouse para a fase final. Parabéns!

## AXENDA ESCOLAR CURSO 2014- 2015



Parabéns a Uxía Iglesias Reviejo, Sabela Freire Novo, Noelia Fontecoba Ares, Andrea Boado Moreno e Silvia Martínez Enjamio, alumnas de 2º de bacharelato; e a Rebeca Blanco Rotea e Patricia Mañana Borrazás, investigadoras do CSIC, pola elaboración duns textos que nos axudan a coñecer e valorar a cultura de noso.

Á ANPA, a LOSAN e aos concellos de Curtis e Mesía, a nosa gratitude pola súa achega económica.

## A NOSA BIBLIOTECA



Como nestes últimos anos, a biblioteca do IES de Curtis, neste primeiro trimestre funcionou como espazo integrador de toda a comunidade educativa. Ademais de acoller a todos aqueles usuarios que a visitan para traballar ou, simplemente, ler, promovéronse dende aquí as seguintes actividades:

- Formación de usuarios

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/2014/10/benvidos-biblioteca-do-noso-ies.html>

- Día da biblioteca

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/2014/10/24-octubre-dia-internacional-da.html>

- Actividades do Club de Lectura "Fendetestas"

<http://clubfendetestas.blogspot.com.es/>

- Día Mundial contra a Violencia de Xénero

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/p/25n-violencia-de-xenero.html>

- Elaboración de Boletín de recomendacións lectoras para o Nadal

## E ADEMAIS...

- O 31 de setembro os alumnos e alumnas de Ciclos Formativos visitamos a **Cooperativa de Feiraco**, nunha actividade organizada polo departamento de Orientación.

- O 13 e o 15 de outubro os alumnos e alumnas de 1º e 2º ciclo da ESO participamos nun Obradoiro de **Actividades Coeducativas**.

- O 27 de outubro 1º e 2º de ESO realizamos un **Obradoiro de Actividades Cooperativas**.

- O 28 de outubro os rapaces e rapazas de 2º ESO asistimos a unha charla sobre o proxecto **Terras do Mandeo, Reserva da Biosfera**.

- O 6 e 7 de novembro os Ciclos Formativos estivemos nas **Xornadas de Cooperativismo** organizadas polo Concello de Curtis.

- O 11 de novembro, AESLEME (Asociación Española de Lesionados Medulares), impartiu para o alumnado de 2º e 3º ESO a charla **Te puede pasar**.

- O 14 de novembro AESLEME volveu visitar o noso centro, nesta ocasión a charla **Si controlas, vuelves** estaba destinada ao alumnado de Ciclos Formativos e 1º Bacharelato.

- O 20 de novembro os alumnos e alumnas de 3º ESO vimos no Auditorio de Galicia o espectáculo de títeres e animación **La Guerra de Troya**.


- O 21 de novembro o alumnado de música de 4º ESO e 1º Bacharelato asistiu no Auditorio de Galicia ao concerto didáctico **Música do cine español**, impartido pola Banda Municipal de Música de Santiago.

- O 17 de decembro os alumnos e alumnas de 2º Bacharelato visitamos no PALEXCO da Coruña a 9ª **Edición de UNITOUR – Galicia**.

- O 18 de decembro 4º da ESO coñeceu a **Casa Museo de Emilia Pardo Bazán**, na Coruña.

- E neste primeiro trimestre tamén celebramos o **Magosto**, adornamos **cabazas** e recolleemos **cogomelos** para presentar ao concurso do centro.

# DÍA DA CIENCIA EN GALEGO



O alumnado de 1º ESO conmemorou o Día da Ciencia en Galego participando nunha exposición de proxectos organizada polo Departamento de Tecnoloxía. Nela puideron xogar e experimentar cos mecanismos feitos por outros compañeiros en cursos anteriores. Foi o primeiro contacto coa materia, que cursarán o vindeiro ano, pero xa demostraron as súas ganas de comezar a traballar para mellorar os proxectos que viron.



Alumnado de Instalacións Eléctricas de Distribución con algunha das montaxes que prepararon para esta ocasión



Videoconferencia de Manuel Caeiro Rodríguez: *A Ciencia da programación de ordenadores* (tamén en galego)



O alumnado de Automoción explicoulle aos compañeiros da ESO diversas tecnoloxías relacionadas co mundo do motor.



Puxéronse a disposición do alumnado diferentes xogos matemáticos e de enxeño, coa finalidade de que os rapaces e rapazas visualizasen as matemáticas dende unha perspectiva diferente e, ao tempo, lúdica.



Experimentos científicos, realizados polo Seminario de Física e Química. Este mesmo departamento realizou un Obradoiro para a fabricación de xabón, impartido por Candela Pérez Lata.

## CHARLA DO ESPECIALISTA EN COGOMELOS CHEMI TRABA



O 16 de outubro 1º e 2º de ESO asistimos a unha charla organizada polo Concello de Curtis sobre *Cogomelos*. Foi impartida por Chemi Traba, especialista en micoloxía e coautor de *Setas de Galicia y del Noroeste Peninsular*.

# CONVOCADO O II CERTAME DE ENSAIO DO IES DE CURTIS



O seminario de Filosofía do IES de Curtis, coa colaboración dos seminarios de Lingua e Literatura Galegas e Lingua y Literatura Castellana vén de convocar o II Certame de Ensaio. Consulta as bases en

• [sondenoso.blogspot.com](http://sondenoso.blogspot.com) e [sarmientobiblioteca.blogspot.com.es](http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es), e recorda:

**Prazo de presentación:** entre os días 2 e 6 de marzo de 2015, vía correo electrónico a: [concursodeensaioiesdecurtis@gmail.com](mailto:concursodeensaioiesdecurtis@gmail.com)

**Premio:** e-book precargado.

**DIRECTOR**  
Juan Carlos Fandiño da Torre

**VICEDIRECTORA**  
Paula Ugarte Fernández

**XEFA DE ESTUDOS**  
Yolanda Suárez Martínez

**SECRETARIO**  
José Antonio Paz López

**ORIENTADORA**  
Josefina López Santos


**IES DE CURTIS**  
Rúa Xermán de Castro s/n  
15310 Curtis (A Coruña)  
Tlf 981786100  
Fax 981786298  
[www.edu.xunta.es/centros/iescurtis](http://www.edu.xunta.es/centros/iescurtis)

equipo de  
normalización  
lingüística | **ies de  
Curtis**



Postal realizada polo alumnado de 4º ESO Informática, nas aulas de Alfonso Miñones

## RESULTADOS PRIMEIRA AVALIACIÓN



## SAÚDA DO DIRECTOR

*Un ano máis chega o Nadal e con el o primeiro boletín deste curso académico, que cumpre tres anos na súa nova etapa.*

*Queremos que siga sendo unha canle de comunicación para achegarlle ao conxunto da comunidade educativa os proxectos desenvolvidos polo profesorado e o alumnado do IES de Curtis.*

*Nestes tempos de crise social e económica, o Ensino Público ten que ser, máis ca nunca, un referente de formación e desenvolvemento en todos os campos, e é obriga de todos traballar pola súa calidade.*

*Cómpre poñer en marcha novos proxectos, cómpre dalos a coñecer e cómpre aínda xerar sinerxías coa contorna. É con este espírito que nace o boletín, e a través del divúlganse propostas didácticas que partindo da realidade inmediata, forman o alumnado nunha visión ampla do mundo que o rodea.*

*Nesta ocasión, ademais, achega unha canle útil para que o equipo directivo, o conxunto do profesorado e o persoal non docente do IES de Curtis vos transmitan os seus desexos de boas festas e un venturoso 2015.*

Juan C. Fandiño da Torre  
Director do IES de Curtis

**XUÑO: 100% APROBADOS  
NA SELECTIVIDADE**